

A LEDICIA DE LER

Un novo libro de Víctor Vaqueiro

En pouco máis de un ano, Víctor Vaqueiro pasou de ser un descoñecido a converterse nun poeta con certa audiencia nos medios literarios do país, respetado e digno de ser tido en conta. A seriedade da súa poesía, a modernidade da súa voz, ben enraigada no cerne da mitoloxía cultural da mocidade e a boa información poética que arrecende dos seus versos fan deste escritor unha esperanza cara un futuro incerto (incerto para todos), que o tempo se encargará de aclarar.

O seu primeiro libro, *Lideiras antre a paisaxe*, que xa comentamos aquí, tivo unha boa acollida e sorprendeu moi positivamente ao xurado dos Premios da Crítica en maio de 1979, poucos días despois da súa publicación. Era un libro certamente orixinal, máis épico que lírico, pero igualmente alonxado da poesía moral e ideolóxica, que non asomaba polas súas páxinas, a pesar de que estas se viran atravesadas, desde o principio ao fin, por unha enxurrada política tan evidente como pouco disimulada. Con todo e ser unha obra primeiriza, cos tópicos inevitables e algúns defectos importantes, sostíñase ben e chamaba a atención pola súa audacia, as súas boas intencións e a súa independencia respecto da tradición inmediatamente anterior.

Hai uns meses que Víctor Vaqueiro ven de publicar o seu segundo libro, *Informe da gavilla*, que fai o número dous da colección “Dombate” da Editorial Galaxia (1). Confeso que a súa primeira lectura me desconcertou bastante, tanto temática como formalmente. No primeiro aspecto a historia dos homes da gavilla parecíame (e a verdade é que mo sigue parecendo) forzada, incluso falsa, demasiado alterada na súa verdade histórica polo filtro do tamizo literario, idealizante e mitificador. Pero foi somentes unha primeira impresión. Deseguida, como ocorrira xa co primeiro libro, se impón dun xeito nido e transparente a poética que subxace por debaixo do plan xeral da obra e que ven aclarar a significación última da poesía de Víctor Vaqueiro.

Digamos en primeiro lugar que este poeta mozo renuncia á concepción romántica da poesía como expresión ou comunicación de sentimentos pessoais, polo cal a elección temática é un pouco o eixe sobre o que xira todo o andamiaxe posterior. É dicir, que obtido ou encontrado o tema (a idea de asoballamento no primeiro libro, a gavilla no segundo) Víctor Vaqueiro procede a crear, no sentido huidobriano (e que me perdonen tanto Vicente Huidobro como os pacientes deuses da lingua pola palabra), o seu mundo: un mundo estruturado, racionalizado e medido.

O resultado é moi desigual. Por un lado, prodúcenos admiración o ben trabado e arquitecturado da construción. Os libros de Víctor Vaqueiro non se fan por agregación de poemas, senón que se desenvolven de acordo cun plan, son fillos dunha idea. Pero por outro resultan un pouco fríos. Ocorre algo semellante (e non insinúo nin parentescos nin influencias) ao que nos pasa coa poesía perfecta e marmórea de T.S. Eliot, que ao final nos deixa unha miga indiferentes e fai que nos preguntemos sobre qué é realmente ou que cousa ten que ser a poesía.

Eu diría que se lle eliminamos algúns defectos aos que xa aludíamos ao falarmos do libro anterior (certos tics retóricos) e que aparecen agora moi diminuídos, Víctor Vaqueiro é un poeta con interés. Abondaría para eso sóio con esta vontade construccional que sinalamos e coa concepción que ten do qué debe ser unha obra poética. Neste sentido está a moitas légoas dos seus compañeiros de xeneración, máis espontáneos e menos ambiciosos. O tempo dirá se todo isto desemboca nunha poesía de xenio e gran calidade literaria. As primeiras pedras enchennos de esperanza.

Carlos Casares

(1) Víctor Vaqueiro. *Informe da gavilla*. Colección Dombate, Galaxia, Vigo, 1980.